



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Psicogerontoloxía	Código	652G03024	
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología			
Coordinación	Piñeiro Aguin, Isabel	Correo electrónico	isabel.pineiro.aguin@udc.es	
Profesorado	Piñeiro Aguin, Isabel Rodríguez Llorente, Carolina	Correo electrónico	isabel.pineiro.aguin@udc.es carolina.rodriguez.llorente@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A introdución da Psicogerontoloxía como disciplina no curriculum do Grao en Educación Social xustifícase, entre outras razóns, por dúas, poucos cuestionables na actualidade: a necesidade de aprender ao longo de toda a nosa vida e o feito de que a sociedade actual está envellecendo. Baixo estas premisas, esta disciplina porponse acercar ao estudante ás características do funcionamento cognitivo das persoas maiores contribuíndo con elo á formación dos profesionais que han de traballar con elas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer as implicacións que conleva para a sociedade actual o envellecemento demográfico.	A1 A9 A13 A15 A16	B1	C6 C7 C8
Coñecer e saber desenvolver Programas de Preperación para a Xubilación	A1 A5 A9 A15	B1	C7 C8
Ser capaz de traballar coas persoas maiores desde un Modelo de Competencia	A4 A9	B1 B2	C3
Coñecer o funcionamento cognitivo das persoas maiores	A1 A7	B1	C1 C7
Coñecer que é a Dependencia e as súas implicacións na vida diaria das persoas maiores que a padecen			C6
Coñecer e ser capaz de intervir psicoeducativamente coas persoas maiores con dependencia	A1 A5 A13	B1 B2	C7
Coñecer e ser capaz de intervir psicoeducativamente cos cuidadores familiares das persoas maiores con dependencia	A1 A5 A6 A7	B1 B2 B4	C1
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Retos psicosociais do envellecemento. A xubilación	1.1. O envellecemento demográfico. 1.2. Consecuencias do envellecemento demográfico. 1.3. A xubilación. 1.4. Envellecemento activo
2. Funcionamento cognitivo e socioafectivo nas persoas maiores.	2.1. A explicación do envellecemento: o modelo da competencia vs. o modelo do declive. 2.2. Cambios biolóxicos, cognitivos e socioafectivos nas persoas maiores. 2.3. Variables moduladoras do desenrolo biolóxico, cognitivo e socioafectivo nas persoas maiores
3. Autonomía e Dependencia nas persoas maiores	3.1. Introducción. 3.2. A Autonomía nas persoas maiores 3.3. A Dependencia nas persoas maiores
4. A Demencia	4.1. Introducción. 4.2. Caracterización da demencia. 4.3. Dimensións afectadas na demencia 4.4. A Avaliación Psicolóxica da demencia
5. Fundamentos Psicolóxicos da Psicoestimulación Cognitiva	5.1. A Estimulación cognitiva 5.2. Os Programas de Estimulación Cognitiva 5.3. Estratexias e técnicas psicolóxicas utilizadas na Estimulación Cognitiva
6. O coidado das persoas maiores con dependencia	6.1. Introducción. 6.2. O coidado desde o ámbito familiar: O sistema informal 6.3. O coidador principal. 6.4. Intervención no coidador principal non profesional.



7. O papel do Educador Social na atención ás persoas maiores	7.1. Introducción 7.2. A educación social no ámbito das persoas maiores
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A4 A5 A6 A16 C6 C7	0	23	23
Proba obxectiva	A4 C7	2	2	4
Portafolios do alumno	A4 A9 C7	10	40	50
Traballos tutelados	A7 A9 A13 A15 B1 B2 B4 C1 C3	10	40	50
Obradoiro	C1	1	1	2
Sesión maxistral	A1 A4 C7 C8	20	0	20
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lectura de artigos de revistas sobre a temática das persoas maiores. Posterior comentario en grupos sobre os mesmos.
Proba obxectiva	Exame tipo test. O exame contará con arredor de 40 preguntas tipo test con tres alternativas de resposta e onde só unha é a correcta. Cada tres preguntas mal contestadas restarase o valor dunha resposta correcta.
Portafolios do alumno	Pequenas prácticas de contidos desenvolvidos na aula que se realizarán nas clases interactivas. Serán aproximadamente 7 prácticas nas que se farán de forma individual exercicios/casos como os exemplos explicados pola profesora nas clases. Serán realizadas durante as clases interactivas.
Traballos tutelados	Ao longo do curso, o alumno realizará alguna das prácticas de forma máis extensa. Sempre indicada e supervisada pola profesora. Este tipo de traballo será realizado en pequenos grupos fóra da aula. Serán 2 prácticas: referidas á temática da Preparación para a Xubilación e aos Programas de Estimulación Cognitiva. Se expondrán ao resto dos compañeiros nas clases interactivas.
Obradoiro	En prol do uso da lingua galega e como parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación Social"; desenvolverase un Obradoiro no que se animará ao alumnado na utilización do galego como lingua vehicular desta metodoloxía na aula.
Sesión maxistral	Explicación teórico/práctica por parte da mestra

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Traballos tutelados	A través das tutorías (presenciais e/ou non presenciais) intentarase dar resposta aos problemas que o alumno poida ter con respecto á materia

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Portafolios do alumno	A4 A9 C7	Pequenas prácticas realizadas nas clase interactivas dos contidos do temario. Será obrigatorio ter entregadas un 75% das actividades realizadas. Á hora da avaliación terase en conta o grao de comprensión dos contidos traballados nas clases expositivas que se reflitirán no desenvolvemento das prácticas.	30
Proba obxectiva	A4 C7	Exame tipo test O exame contará con arredor de 40 preguntas tipo test con tres alternativas de resposta e onde só unha é a correcta. Cada tres preguntas mal contestadas restarase o valor dunha resposta correcta.	50
Traballos tutelados	A7 A9 A13 A15 B1 B2 B4 C1 C3	Prácticas máis extensas supervisadas pola profesora, que se realizarán ao longo do curso fundamentalmente fóra da aula. Será obrigatorio ter entregadas un 75% das actividades realizadas. Nestas prácticas de grupo, será moi importante a capacidade de argumentación de cada un dos membros do mesmo así como a capacidade de expoñer o Traballo.	20

Observacións avaliación

A avaliación da materia reflectirá a adquisición dos elementos teórico-prácticos da mesma e será o resultado dos compoñentes recollidos na táboa anterior.

Para superar a asignatura será necesario obter unha nota mínima de 5 puntos, sempre e cando a cualificación no exame sexa igual ou superior a 2,25 puntos.

A Asistencia e Participación nas clases terase en conta á hora de establecer a nota final global da materia.

O alumno que teña recoñecida a condición de estudante a tempo parcial e solicítase no Decanato a Dispensa Académica, terá a avaliación da asignatura da seguinte forma: A nota final global da asignatura será la que obteña no exame tipo test.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alberich, T., Barranco, A. y Funes, E. (coords.) (2008). Intervención social y sanitaria con mayores: manual para el trabajo con la 3ª y 4ª edad. Madrid: Dykinson.- Bermejo, L. (2010). Envejecimiento activo y actividades socioeducativas con personas mayores. . Ed.: Panamericana- Crespo, M. y López, J. (2007). El estrés en cuidadores de mayores dependientes. Cuidarse para cuidar. . Ed. Pirámide.- Fernández-Ballesteros, R., Moya, R., Íñiguez, J. y Dolores, M. (1999). ¿Qué es la psicología de la vejez?. Madrid: Biblioteca Nueva.- Moragas, R. (2013). Jubilación para torpes.. Anaya Multimedia.- Rodríguez, G., Rodríguez, P., Castejón, P. y Morán, E. (2013). Las personas mayores que vienen: Autonomía, Solidaridad y Participación social.. Colección: Estudios de la Fundación, nº1.- Triadó, F. y Villar, C. (corrds.) (2006). Psicología de la vejez. Alianza Editorial- Vega, J.L. y Bueno, B. (1995). Desarrollo adulto y envejecimiento.. Ed. Síntesis.- () .
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Moragas, R.; Cristófol, R.; Sánchez, C.; Rivas, P. y Rodríguez, N. (2007). Prevención de la dependencia. Preparación para la jubilación. Editorial de la Universidad de Barcelona, GIE Grupo Investigación Envejecimiento- Simón, P. (2012). Memorias del Alzheimer. Madrid: La Esfera de los Libros.- Pérez, L. (2006). La estructura social de la vejez en España. Nuevas y viejas formas de envejecer. . Ed. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y <p>
</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías